

---

# ORELLAS DE BOLBORETA

Texto de LUISA AGUILAR

Ilustracións de ANDRÉ NEVES

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

---

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 14 €

FINALISTA DO IV PREMIO NACIONAL CITTÁ DI BELLA (Italia) 2008  
SELECCIÓN MINISTERIO DE EDUCACIÓN (Arxentina) 2015  
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)  
PROGRAMA LEGGERE SENZA STEREOTIPI (Italia) 2015

**Orelas de bolboreta** (galego)

ISBN 978-84-8464-662-4. Álbum ilustrado. Demademora.

**Orejas de mariposa** (castelán)

ISBN 978-84-96388-72-7. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

**Orelles de papallona** (català)

ISBN 978-84-16804-05-4. Álbum ilustrat. Obres d'autor/a.

**Txiemeleta-belarriak** (euskara)

ISBN 978-84-7681-582-3. Album irudidunak. Egile lanak

**Orelhas de borboleta** (português)

ISBN 978-972-8781-83-5. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

**Orecchie di farfalla** (italiano)

ISBN 978-84-8464-424-8. Albo illustrato. Gli albi di autore.

**Butterfly ears** (English)

ISBN 978-84-8464-709-6. Picture book. Books for dreaming.

*-Mara é unha orelluda!*

*-Mamá, ti cres que son unha orelluda?*

*-Non filla, tes orelas de bolboreta.*

*-E como son as orelas de bolboreta?*

*-Pois son orelas que revoan na cabeza*


*e pintan de cores as cousas feas...*

Ter as orelas grandes, o pelo rebelde, ser alto ou baixo, fraco ou gordecho... Ata a característica máis nimia pode ser motivo de parodia entre os nenos. Cómpre un libro para demostrarlles que eses comportamentos son reprobables.

Especialmente aos que son sinalados polos demais, a mensaxe que transmite este relato é que convertan en positivo aquilo que para outros sexa motivo de mofa. Porque as características que nos diferencian hai que poñelas en valor para que nos distinguan como seres especiais e únicos. Recoñecer e mesmo reivindicar a diferenza fainos fortes, aceptándonos como somos e reforzando a nosa personalidade.

A figura materna destaca como referente vital da protagonista, que contesta os comentarios dos nenos seguindo os consellos da súa nai: o que outros ven como un defecto, para Mara é unha vantaxe da que os demais carecen.

Luisa Aguilar é a autora deste texto sinxelo, cheo de sensibilidade e de forza literaria, que nos transporta a un mundo de formas, cores, emocións e sentimentos. As fermosas ilustracións de André Neves destacan polo seu colorido e pola riqueza na combinación de elementos téxtiles, aplicacións de papel e cálidas texturas.



■ **Temática:** a posta en valor das diferenzas fronte a quen as quere converter en burla.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** relación pais-fillos e dos nenos entre si; respecto, autoestima, enfoque positivo ante calidades/situacións adversas; do ilustrador de «[Amelia quere un can](#)».

■ **Avance do libro:**

[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/orellas-de-bolboreta-g\\_48aaf6073c65d0](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/orellas-de-bolboreta-g_48aaf6073c65d0)

## Luisa Aguilar

(Asturias, 1974)

Foi autora e actriz de Kamante Teatro de 1991 a 2010. Na compañía asturiana iniciou a súa formación escénica, que completou con cursos en España, Italia, Brasil e México. Dende 2010 reside en México, onde iniciou o seu propio proxecto artístico vencellado á escrita, o teatro, o cine, a televisión e a moda. Os seus textos teatrais e espectáculos producidos por Kamante recibiron o recoñecemento do público e da crítica en festivais internacionais. Gañou o Premio Europeo Nuove Mani (Italia, 1999) para novos creadores e o Premio á Mellor Actriz na Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas (FETEN, 2007) pola obra «¡Que viene el lobo!».

<https://www.facebook.com/luisaaguilarorejasdemariposa>

## André Neves

(Recife, Brasil, 1973)

Graduado en Comunicación Social e Relacións Públicas na Universidade de Pernambuco. En 1995 comezou os estudos de Arte; a partir de entón participou en exposicións de debuxo e pintura. Formouse na Escola de Verán de Sarmade (Italia). Entre outros galardóns, foi premiado pola Fundación Nacional de Libros Infantís e Xuvenís e pola Asociación de Escritores Brasileiros. En 2002 participou na XX Mostra Internacional de Ilustración Infantil Stepan Zavrel. Traballa como escritor, ilustrador e deseñador gráfico en Porto Alegre.

<https://www.facebook.com/AndreNevesIlustrador>

<https://kalandraka.tv/gl/videos/andre-neves-visita-kalandraka-tv/>



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---